

XIV Concurso de tarxetas de Nadal



Participantes. Poden participar alumnos de Infantil, Primaria e ESO que cursen estudos en Galicia.

Modalidades. Os traballos deberán ser tarxetas de Nadal orixinais e inéditas en tamaño DIN-A4 sen pregar e por unha soa cara. O soporte será cartolina ou cartón pluma. A técnica será libre.

Presentación. Na parte traseira da obra figurarán os datos persoais do autor (nome, idade, enderezo, teléfono particular, curso e centro onde estuda) e —para acreditar a súa condición académica— virá selado polo centro. Os traballos enviaranse a: PREMIOS VOZESNAVOZ. La Voz de la Verdad. Rúa Bispo Aguirre, 17 - 27002 LUGO. Tamén se poden entregar persoalmente ou por medio do centro.

Prazo. O prazo de presentación remata o 25 de decembro de 2022.

Xurado. Estará constituído por profesores das diferentes etapas académicas e de distintos centros de ensino e por profesionais do sector gráfico e darase a coñecer con anticipación á emisión do fallo.

Premios. O xurado concederá os seguintes premios:

- *Educación Infantil.* Dous lotes de libros.
- *Educación Primaria.* Do primeiro ao terceiro curso, un cheque-agasallo intercambiable por libros ou material escolar de 70 € e outro de 50 €. Do cuarto ao sexto curso un cheque-agasallo intercambiable por libros ou material escolar de 80 € e outro de 60 €.
- *Educación Secundaria Obligatoria.* Un cheque-agasallo intercambiable por libros ou material escolar de 90 € e outro de 70 €.
- *Premio especial* á orixinalidade (incompatible cos premios anteriores) consistente nun cheque-agasallo de 90 € intercambiable por libros ou material escolar.

Os premios poderán ser declarados desertos.

Fallo. Farase público nos medios de comunicación e no establecemento e comunicarse aos colexios dos participantes. A entrega de premios terá lugar en La Voz de la Verdad na data que se lles comunicará aos gañadores. As obras presentadas quedarán en propiedade da entidade organizadora

Os datos facilitados polos concursantes formarán parte dun ficheiro de La Voz de la Verdad Diocese de Lugo e empregaranse para a xestión do presente concurso. Pode exercerse o dereito de acceso, rescitación, cancelación, oposición en Bispo Aguirre, 17 Lugo